

TABLA DE CONTIDOS

01

QUE É AMES AV LAB

02

PARA QUEN ESTA DIRIXIDO

03

PROCESO DE SELECCIÓN

04

SERVIZOS

05

PROGRAMA FORMATIVO

[amesAV_lab]

Programa integral de aceleración e apoio á industria audiovisual, promovido polo Concello de Ames e cofinanciado pola Deputación Provincial da Coruña.

AmesAVLab está deseñado coma un laboratorio para acelerar proxectos audiovisuais que ten como obxectivo impulsar a produción audiovisual, fomentar o talento emerxente local e posicionar o sector audiovisual galego como referente a nivel nacional e internacional.



**PARÁ QUEN
ESTÁ DIRIXIDO**



IDEA OU PROXECTO

Dirixido a creadores do sector audiovisual cunha idea empresarial ou que xa iniciaron a súa actividade, cunha antigüidade máxima 42 meses, e busquen apoio e recursos para desenvolver o seu proxecto.

CREADORES

Orientado a proxectos non iniciados, en fase de creación ou desenvolvemento, que necesiten asesoramento para levar a cabo a súa iniciativa.

PROXECTOS

Curtametraxes, longametraxes, series, documentais de creación ou participativos, narrativas inmersivas e de realidade virtual e outros contidos audiovisuais.



PRESELECCIÓN

Os proxectos avaliaranse en base á información que indiquen no formulario de inscrición na sede electrónica do Concello de Ames. Este formulario estará accesible ata o peche da convocatoria. A información será avaliada pola Comisión de Gobernanza de AmesAVLab.

Preseleccionarase un **máximo de 30 proxectos.**



SELECCIÓN

Os proxectos preseleccionados serán entrevistados por unha Comisión de Avaliación específica. Ás entrevistas deberá asistir todo o equipo do proxecto que figure na inscrición.

Seleccionarase para a fase da Academia **un total de 15 proxectos**, establecendo unha lista de reserva en caso de renuncias.

Nun itinerario de 8 meses, da man de expertos de negocio e do sector audiovisual, os proxectos participantes contarán con:



Capacitación e formación

Un programa formativo onde se explorarán as últimas metodoloxías aplicadas ao emprendemento



Mentorización personalizada

Acompañamento adaptado ao proxecto cun experto en emprendemento



Aceso a financiamento

Acto demostrativo final orientado a vender o proxecto e a captar financiación



Traballo en rede

Asistir a eventos organizados polo laboratorio, como almozos, café con empresas ou quedadas despois do traballo



Bolsa de Axudas

Aceso a xestión de bolsas de axudas para poder impulsar os proxectos



Visibilidade

Aproveitar os medios dixitais do laboratorio para darlle visibilidade aos proxectos



Obradoiros técnicos



1. Preproducción
2. Producción: Dunha produción a unha produtora. Plan de rodaxe
3. Postproducción
4. Fórmulas de financiamento
5. Marketing. Creación de marca
6. Propiedade Intelectual e Xestión de Dereitos
7. Desenvolvemento de audiencias
8. Comercialización e distribución

* Este programa ampliarase e axustarase en función dos perfís dos proxectos seleccionados para participar na Academia

PROGRAMA FORMATIVO



1

Encher o **formulario de participación no laboratorio de aceleración de proxectos audiovisuais (AMES AV LAB)** que podes encontrar no seguinte enlace:

(<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Tablon.do?action=verAnuncios&tipoTablon=1>)

Documentación necesaria a adxuntar a este formulario de inscrición:

1. Todos os participantes presentarán as súas ideas a través dunha memoria cun límite de 10 páxinas (formato .pdf).
2. De ter iniciada a actividade, os solicitantes deberán aportar un documento acreditativo de alta como autónomo ou empresa constituída, ademais do modelo da AET 036 ou 037. As sociedades mercantís deberán achegar tamén: a) Estatutos, b) Escritura de constitución, c) Documentación acreditativa do poder de representación.

2

Rexistro de toda a documentación a través da **sede electrónica do Concello de Ames**

(<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>)

O trámite realizarase por **Instancia Xeral e remitirase a Promoción Económica (“Formación e Emprego”** (<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Registrar.do?action=inicioPortalTramites>)

**ATA O 12 DE ABRIL
ÁS 23:59H**

COMO REXISTRARSE

MÁIS
INFORMACIÓN

amesAV_lab



www.amesavlab.gal



info@amesavlab.gal



+34 608459678